



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interesse Turístico

PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE ÁREA DE SERVIZO E PERNOITA PARA AUTOCARAVANAS EN SAN LÁZARO.

O Goberno Municipal presenta para a súa aprobación en pleno o proxecto para a construción dunha área de servizo e pernoita para autocaravanas, que se situará no lugar de San Lázaro, no aparcamento que se atopa na saída cara a Boiro, á marxe dereita da estrada AC-305.

A necesidade dunha infraestrutura destas características xustifícase na actual situación, na que existe non existen áreas especiais para este tipo de vehículos, que polo seu tamaño non sempre poden aparcar nos espazos habilitados para elo. A pesares de que existen instalacións de titularidade privada no noso concello, ningunha se atopa no casco urbano. É tamén preciso ofrecer os servizos necesarios de conexión ao saneamento para evitar prácticas ilegais e prexudiciais para o medio ambiente.

O municipio da Pobra do Caramiñal, como concello turístico que é e pretende ser, debe contar con todas as dotacións necesarias para atender a todas as persoas que nos visitan, empregando diferentes modalidades ou medios de transporte, neste caso autocaravanas. Con esta actuación preténdese que as persoas que viaxen empregando este tipo de vehículos teñan á nosa vila como un destino tamén de referencia, completando a oferta privada con esta de carácter público, aínda que non gratuíta, pois será necesario aprobar o correspondente prezo público.

Por todo anteriormente exposto, esta Alcaldía propón o Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto da área de servizo e pernoita para autocaravanas.

A Pobra do Caramiñal, a data da sinatura dixital.

O Alcalde,